



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 02 DE XANEIRO DE 2015.-**

---

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas do día dous de xaneiro do ano dous mil quince, tivo lugar, en segunda convocatoria por non haber quorum na primeira, a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**
- **D. Miguel Angel Español Otero**
- **D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**

**Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.-Alegre.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

#### **PUNTO 1.- ACORDOS**

---

Lese o escrito RE 6 de data 2 de xaneiro de 2015 presentado por D<sup>a</sup>. G.G.R., con enderezo na rúa Proba, nº 5 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Proba, nº 5.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.

Lese o escrito RE 7.255 de data 22 de decembro de 2014, presentado por D. ANGEL GOYÁS VICENTE, con enderezo na rúa Roda, nº 48 de A Guarda, solicitando a anulación do recibo de consumo de auga municipal do 4º trimestre de 2014 correspondente ó obxecto tributario Roda, nº 48 xa que se produxo un exceso de consumo debido a unha avaría moi difícil de detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda anular o recibo de consumo de auga do 4º trimestre de 2014 do obxecto tributario Roda, nº 48, e que se emita un novo pola media ponderada.



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta do escrito RE 7.581 de data 23 de decembro de 2014, remitido pola XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O.U., xuntando copia da resolución de autorización do proxecto de control arqueolóxico sobre corta de madeira na Subida ó Torroso.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 7.249 de data 22 de decembro de 2014, presentado por DNA. MARIA TERESA MARQUEZ MARTINEZ, con enderezo na rúa Malteses, nº 70 da Guarda, solicitando a ampliación de 2 metros do seu posto no mercadillo dos sábados.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

### **PUNTO 2.- OBRAS MAIORES:**

---

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. 4.217 de data 31 de xullo de 2014, a instancia de **D. CÁNDIDO ALONSO SOLLEIRO** representado por D. Manuel Castro Vicente e con domicilio na rúa de A Cal nº. 95 de A Guarda-C.P. 36780, quen presenta proxecto técnico de **execución** (Visado C.O.A.G.: 22-11-2012) redactado polo arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez para construción de "VIVENDA UNIFAMILIAR" desenvolvida en (planta baixa), sita na rúa de Transversal de A Cruz, s/n., en Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural de "San Roque" da Parroquia de Salcidos (Ordenanza nº. 9 do P.X.O.U.).

**PRIMEIRO.-** Visto o informe técnico de data 16-12-2014, considérase **favorable o inicio das obras**, condicionada a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio de data 17-09-2014 (Exp. 569/14), coa redución dos elementos situados sobre a cuberta e a eliminación das baixantes proxectadas, así como a colocación das persianas polo interior.

**SEGUNDO.-** Visto o informe xurídico de data 26-12-2014, quen indica que non se observa na solicitude en cuestión, dende o punto de vista xurídico-procedimental ningún inconvinte, polo cal informase **favorablemente**, polo que formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

**1º. Convalida-la** licenza municipal de obras outorgada a favor de D. Cándido Alonso Solleiro o 11-12-2012 e autorizar o comenzo das obras o ter presentado o proxecto de execución axustado á autorización da Dirección Xeral de Patrimonio de data 17-09-2014, alzándose a suspensión do cómputo do prazo de caducidade das obras co cal debe indicarselle o interesado que dispón dun prazo de 14 meses e 20 días para o inicio das obras e de tres anos para rematalas dende a notificación do acto de convalidación.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local en Sesión Extraordinaria celebrada o día 2 de xaneiro de 2015 **RESOLVE:**



## CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

**CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. CÁNDIDO ALONSO SOLLEIRO**, a autorización ao proxecto de execución e acordar a convalidación da licenza núm. 140/2012 outorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 11-12-2012, para construción de “VIVENDA UNIFAMILIAR” desenvolvida en (planta baixa) sita na rúa de Transversal de A Cruz, s/n., de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas nos informes técnico e xurídico.

### **TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:**

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.